



## ASUNTO: EXPTE. APROBACION PEF 2/2019

### RESOLUCIÓN DO DIRECTOR XERAL DE POLÍTICA FINANCEIRA, TESOIRO E FONDOS EUROPEOS POLA QUE SE APROBA DEFINITIVAMENTE O PLAN ECONÓMICO-FINANCEIRO 2019-2020 DO CONCELLO DE VIGO

#### ANTECEDENTES

1. O Concello de Vigo incumpriu a estabilidade orzamentaria e a regra de gasto na liquidación orzamentaria do exercicio 2018.
2. Como consecuencia do anterior, e en cumprimento do artigo 21 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira (LOEOSF), o pleno da Corporación municipal na súa sesión extraordinaria de 27 de febreiro de 2019, aprobou un Plan Económico Financeiro (PEF) e acordou a súa remisión a Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos da Consellería de Facenda, como órgano de tutela, para a súa aprobación definitiva e seguimento tal e como establece o artigo 23 da citada lei orgánica.
3. O PEF aprobado e a documentación correspondente, recibíronse nesta dirección xeral o 17 de abril de 2019.

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO

1. Tense en conta a seguinte normativa legal:
  - Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira
  - Orde HAP/2015/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira
2. Tense en conta o informe emitido pola subdirección xeral de Entidades Financeiras e Corporacións Locais de 24 de maio de 2019.

Por todo o anterior, considerando o dito informe, e no exercicio das competencias en materia de tutela financeira dos Entes Locais, atribuída á Comunidade Autónoma de Galicia no artigo 49.1 do seu Estatuto de Autonomía, que corresponde á Dirección Xeral de Política Financeira,





Tesouro e Fondos Europeos da Consellería de Facenda, de acordo co artigo 21.1 do Decreto 30/2017, do 30 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda, e de conformidade co artigo 23 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril,

**RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar o Plan Económico Financeiro presentado polo Concello de Vigo para os exercicios 2019 e 2020.

**SEGUNDO.-** O punto sétimo do acordo do pleno do concello do 27 de febreiro polo que se aproba o PEF –referente a unha eventual cancelación do Plan- queda sen efecto, dado que en aplicación do artigo 21 da Lei orgánica 2/2012, o PEF aprobado non se pode entender cancelado en tanto non se liquide o segundo exercicio de vixencia, neste caso o 2020.

**TERCEIRO.-** Se houbese desviacións na execución do plan, deberán informar sobre as medidas adicionais adoptadas que permitan acadar o obxectivo de estabilidade orzamentaria e regra de gasto no horizonte máximo do PEF.

**CUARTO.-** O concello, en cumprimento do artigo 9.2 da Orde HAP 2105/2012, deberá, no prazo de 5 días naturais desde a aprobación do PEF por este órgano de tutela, remitilo ao Ministerio de Facenda a través da plataforma habilitada para o efecto na súa Oficina Virtual.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á recepción desta notificación, ante o Conselleiro de Facenda, consonte co artigo 121 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que se estime oportuno.

Documento asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

O director xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos

David Cabañó Fernández

SR ALCALDE DO CONCELLO DE VIGO